



Vistas as propostas dos centros en relación á asignación de destinos Erasmus para o curso académico 2011/2012, esta Vicerreitoría resolve:

Facer pública a relación definitiva de estudantes seleccionados e dos destinos que lles foron asignados.

Os candidatos seleccionados dispoñen dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, para aceptar ou rexeitar persoalmente e por escrito no Servizo de Relacións Exteriores (SER) a praza que lles foi concedida. Transcorrido este prazo todos aqueles estudantes que non manifestaran a súa aceptación por escrito consideraranse automaticamente decaídos da súa solicitude e darase entrada aos posibles suplentes. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación por parte do interesado serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias de mobilidade do SRE.


Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 116 e ss da Lei30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2011

O VICERREITOR DE ESTUDANTES E FORMACIÓN  
CONTINUA

Por Delegación do Reitor  
(R.R. do 9 de xullo de 2010; DOG 6-08-2010)



Asdo.: Francisco R. Durán Villa